

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 4º ESO
MATERIA: TECNOLOXÍA
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 11 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Avaliación	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
1ª Avaliación	▪ B6.1. Coñecer a evolución tecnolóxica ao longo da historia.	▪ TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.	CAA CCEC
	▪ B6.3. Valorar a repercusión da tecnoloxía no día a día.	▪ TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.	CL CCEC
	▪ B2.1. Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización.	▪ TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	CMCCT
	▪ B2.2. Realizar deseños sinxelos empregando a simboloxía axeitada.	▪ TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	CMCCT
	▪ B2.4. Avaliar a contribución da arquitectura da vivenda, das súas instalacións e dos hábitos de consumo ao aforro enerxético.	▪ TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	CSIEE CAA CSC
2ª Avaliación	▪ B1.1. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	▪ TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	CCL CMCCT
	▪ B5.2. Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas (hidráulicos e pneumáticos).	▪ TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas (hidráulicos e pneumáticos).	CCL CMCCT CSC

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Avaliación	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
	▪ B5.3. Coñecer e manexar con soltura a simboloxía necesaria para representar circuitos hidráulicos e pneumáticos).	▪ TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos hidráulicos e pneumáticos que resolvan un problema tecnolóxico.	CMCCT CAA CSIEE
	▪ B3.1. Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuito electrónico e os seus compoñentes elementais.	▪ TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuito electrónico formado por compoñentes elementais ▪ TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	CCL CMCCT CCL CMCCT
3ª Avaliación	▪ B3.2. Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada.	▪ TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuitos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	CD CMCCT CAA
	▪ B3.4. Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.	▪ TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	CMCCT
	▪ B3.5. Resolver mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	▪ TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	CMCCT CAA
	▪ B4.1. Analizar sistemas automáticos e describir os seus compoñentes	▪ TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	CCL CMCCT
	▪ B4.3. Desenvolver un programa para controlar un sistema automático ou un robot e o seu funcionamento de forma autónoma.	▪ TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.	CD CMCCT CAA

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso. Esta avaliación terá un carácter continuo, formativo e integrador a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período sempre, que isto favoreza ao alumno ou alumna. O alumnado, en ningún caso se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio na metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non verá minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.</p> <p>Instrumentos: Os empregados nas dúas primeiras avaliacións e as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación desenvoltas desde a declaración do estado de alarma polo Decreto 463/2020, sempre que beneficien ao alumno ou alumna.</p>
Cualificación final	<p>En virtude do descrito anteriormente, para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria, teranse en conta as cualificacións das dúas primeiras avaliacións e farase a media aritmética entre ambas.</p> <p>As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes poderán incrementar esta nota media ata un máximo de dous puntos do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o alumnado non realiza ningunha das actividades propostas despois da declaración do estado de alarma, a cualificación na avaliación ordinaria será a media das dúas avaliacións anteriores. • Se o alumnado entrega as actividades amosando unha aprendizaxe continua e interese por aprender, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das dúas avaliacións anteriores e sumándolle un punto. • Se o alumnado ademais de entregar as actividades, demostra coas mesmas adquirir as aprendizaxes e competencias imprescindibles, descritas no apartado un desta adaptación á programación, dun xeito destacado, a cualificación da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das dúas avaliacións anteriores e sumándolle dous puntos.
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria de setembro referirase ás aprendizaxes e competencias imprescindibles detalladas no apartado un desta adaptación á programación, e que foron desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso escolar 19/20
Alumnado de	Criterios de avaliación:

materia pendente	
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 e á suspensión das actividades lectivas, como medida preventiva adoptada no Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, e co fin de apoiar tanto aos estudantes como ás súas familias e facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovan o seu benestar, houbo que modificar toda a metodoloxía e actividades planificadas para o 3º trimestre do curso. As novas actividades foron desenvolvidas co fin de permitir aos alumnos manterse incorporados á aprendizaxe continua, suscitar o seu interese por aprender de modo non presencial, adaptándose á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.

Prestouse especial atención a identificar ao alumnado desconectado, transmitindo, tanto aos titores como ao equipo directivo, estas situacións cando foron detectadas.

Durante o terceiro trimestre desenvolvéronse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación centrándose nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que o alumnado debe desenvolver, coidando de non sobrecargalo. Fomentáronse as rutinas de traballo, mantendo o hábito de estudo.

Para a ampliación das aprendizaxes tomáronse como referentes os obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requirisen a mínima intervención docente.

Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, propóráselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia.

Todas as actividades propostas flexibilizaranse e adaptaranse para axudar en todo o posible ao alumnado a adquirilas as aprendizaxes e competencias imprescindibles no apartado un.

Metodoloxía (alumnado con conectividade)

A metodoloxía empregada é a de traballo telemático a través da aula virtual do centro, no que existe un curso específico para a materia que todo o alumnado sabe empregar, por ser unha ferramenta habitual de traballo nos trimestres anteriores.

Para atender ás dúbidas, empregáronse tanto as mensaxes das que dispón a aula virtual como o correo electrónico.

Intentarán realizarse videoconferencias que facilitan tanto a comunicación co alumnado como a resolución das dúbidas que lle poidan xurdir. Esta metodoloxía facilita tamén a realización das actividades de ampliación de aprendizaxes.

Materiais e recursos

En primeiro lugar, os recursos necesarios para a metodoloxía descrita no

apartado anterior pasan por incluír todos os derivados dun traballo telemático: ordenador, cámara, micrófono, conexión a internet... O resto de materiais facilítanse ao alumnado a través da aula virtual do centro, nalgúns casos en formato web, noutros en formato pdf. En ningún caso será necesaria a impresión dos materiais para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado e as familias realizarase a través da plataforma empregada para realización das actividades, neste caso a aula virtual do centro.
Publicidade	Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no punto 6.3 das directrices xerais, esta adaptación á programación será publicada na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa.